

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19915 *Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.*

O Consello de Ministros, na súa sesión do 1 de agosto de 2008, aprobou o Plan de Activación do Aforro e a Eficiencia Enerxética 2008-2011 que contén 32 medidas, entre as que se encontra a obriga de limitar as temperaturas que se deben manter no interior dos establecementos de edificios e locais climatizados destinados a usos administrativos, comerciais, culturais, de ocio e en estacións de transporte, co fin de reducir o seu consumo de enerxía. Tamén propón a exhibición da gama de temperaturas interiores rexistradas nos recintos dos edificios e locais que son frecuentados habitualmente por un número importante de persoas ou teñen unha superficie superior a 1.000 m², reforzando o Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción, que só o recomendaba. Por último, o plan considera que se debe regular o sistema de apertura de portas dos edificios e locais climatizados, co fin de impedir que estean abertas permanentemente co conseguinte desbaratamento enerxético polas perdas de calefacción e refrixeración ao exterior.

As medidas anteriores xustifican que se realice unha modificación do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, e en concreto da súa instrución técnica IT-3 dedicada ao mantemento e uso destas instalacións. Complétase esta revisión coa actualización da prohibición de instalar caldeiras de unha e dúas estrelas de prestacións enerxéticas, reguladas polo Real decreto 275/1995, do 24 de febreiro, que foi parcialmente modificado pola disposición derradeira primeira do Real decreto 1369/2007, do 19 de outubro, relativo ao establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que utilizan enerxía e mediante o que se incorpora ao dereito español a Directiva 2005/32/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, pola que se insta un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicable aos produtos que utilizan enerxía. Desta forma substitúese a referencia a estrelas por requisitos mínimos de rendemento enerxético, mantendo os mesmos prazos de prohibición actuais.

Na tramitación deste real decreto déuselle cumprimento ao establecido no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a través da Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios, na cal se oíron as comunidades autónomas, así como as asociacións profesionais e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Vivenda e de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.*

Modifícase o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, nos seguintes termos:

Un. Ao final do punto IT 3 «Mantemento e uso» da parte II «Instrucións técnicas» do índice do regulamento, engádesse un punto IT 3.8 coa seguinte redacción:

«IT 3.8 Limitación de temperaturas.»

Dous. O número 7 da IT 1.2.4.1.2.1 («Xeración de calor», «Requisitos mínimos de rendemento enerxético dos xeradores de calor») da parte II do regulamento pasa a ter a seguinte redacción:

«7. Queda prohibida a instalación de caldeiras das características seguintes, a partir das datas que se indican a continuación:

a) Caldeiras individuais de gas de ata 70 kW de tipo atmosférico a partir do 1 de xaneiro de 2010.

b) Caldeiras estándar que teñan rendementos a potencia nominal (onde P_n virá expresada en kW) e ao 30% de carga parcial, inferiores aos que se indican a continuación a partir do 1 de xaneiro de 2010:

Rendemento a potencia nominal e unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C: $\eta (\%) \leq 84 + 2 \log P_n$.

Rendemento a carga parcial de 0,3 P_n e a unha temperatura media da auga na caldeira de ≥ 50 °C: $\eta (\%) \leq 80 + 3 \log P_n$.

Este parágrafo será de aplicación ás caldeiras con potencia nominal igual ou superior a 4 kW e igual ou inferior a 400 kW. As caldeiras con potencias superiores a 400 kW cumprirán co rendemento exigido para as caldeiras de 400 kW.

c) Caldeiras estándar que teñan rendementos a potencia nominal (onde P_n virá expresada en kW) e ao 30% de carga parcial, inferiores aos que se indican a continuación a partir do 1 de xaneiro de 2012:

Rendemento a potencia nominal e unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C: $\eta \leq 87 + 2 \log P_n$.

Rendemento a carga parcial de 0,3 P_n e a unha temperatura media da auga na caldeira de ≥ 50 °C: $\eta \leq 83 + 3 \log P_n$.

Este parágrafo será de aplicación ás caldeiras con potencia nominal igual ou superior a 4 kW e igual ou inferior a 400 kW. As caldeiras con potencias superiores a 400 kW cumprirán co rendemento exigido para as caldeiras de 400 kW.»

Tres. Engádese, inmediatamente a continuación da IT 3.7 «Instrucións de mantemento» da parte II do regulamento, a nova instrución técnica IT 3.8 «Limitación de temperaturas» coa seguinte redacción:

«IT 3.8 Limitación de temperaturas.

IT 3.8.1 Ámbito de aplicación.

1. Esta instrución técnica 3.8 será de aplicación a todos os edificios e locais incluídos no número dous, tanto aos novos como aos existentes, independentemente da regulamentación que sobre instalacións térmicas dos edificios lle fose de aplicación para a súa execución.

2. Por razóns de aforro enerxético limitaranse as condicións de temperatura no interior dos establecementos habitables que estean acondicionados situados nos edificios e locais destinados aos seguintes usos:

a) Administrativo.

b) Comercial: tendas, supermercados, grandes almacéns, centros comerciais e similares.

c) Concorrenza pública:

Culturais: teatros, cines, auditorios, centros de congresos, salas de exposicións e similares.

Establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Restauración: bares, restaurantes e cafeterías.

Transporte de persoas: estacións e aeroportos.

Para os efectos de definir os usos anteriores utilizaranse as definicións recollidas no Código técnico da edificación, documento básico SI – Seguranza en caso de incendio. Considérase recinto o espazo do edificio limitado por cerramentos, particións ou calquera outro elemento separador.

IT 3.8.2 Valores límite das temperaturas do aire:

1. A temperatura do aire nos recintos habitables acondicionados que se indican na IT 3.8.1 número 2 limitarase aos seguintes valores:

a) A temperatura do aire nos recintos calefactados non será superior a 21 °C, cando para iso se requira consumo de enerxía convencional para a xeración de calor por parte do sistema de calefacción.

b) A temperatura do aire nos recintos refrixerados non será inferior a 26 °C, cando para iso se requira consumo de enerxía convencional para a xeración de frío por parte do sistema de refrixeración.

c) As condicións de temperatura anteriores estarán referidas ao mantemento dunha humidade relativa comprendida entre o 30% e o 70%.

As limitacións anteriores aplicaranse exclusivamente durante o uso, explotación e mantemento da instalación térmica, por razóns de aforro de enerxía, con independencia das condicións interiores de deseño establecidas na IT 1.1.4.1.2 ou na regulamentación que lle fose de aplicación no momento do deseño da instalación térmica.

2. As limitacións de temperatura do número 1 entenderanse sen prexuízo do establecido no anexo III do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nos lugares de traballo.

Non terán que cumprir as ditas limitacións de temperatura aqueles recintos que xustifiquen a necesidade de manter condicións ambientais especiais ou dispoñan dunha normativa específica que así o estableza. Neste caso debe existir unha separación física entre este recinto cos locais contiguos que veñan obrigados a manter as condicións indicadas no número 1.

IT 3.8.3 Procedemento de verificación:

A temperatura do aire e a humidade relativa rexistradas en cada momento e as que debería ter, segundo o número 1 da IT 3.8.2, visualizaranse mediante un dispositivo adecuado, situado nun sitio visible e frecuentado polas persoas que utilizan o recinto, prioritariamente nos vestíbulos de acceso e cunhas dimensións mínimas de 297 x 420 mm (DIN A3) e unha exactitude de medida de $\pm 0,5$ °C. Este dispositivo será obrigatorio nos recintos destinados aos usos indicados no número 1 da IT 3.8.1.2 anterior, cuxa superficie sexa superior a 1.000 m².

O número destes dispositivos será, como mínimo, de un cada 1.000 m² de superficie do recinto. No caso dos edificios e locais de uso cultural da alínea c) colocarse un único dispositivo no vestíbulo de acceso.

O resto dos edificios e locais non afectados pola obriga anterior indicarán mediante carteis informativos as condicións de temperatura e humidade límite que se establecen na IT 3.8.2.

IT 3.8.4 Apertura de portas:

Os edificios e locais con acceso desde a rúa disporán dun sistema de cerramento de portas adecuado, o cal poderá consistir nun sinxelo brazo de peche automático das portas, co fin de impedir que estas permanezan abertas permanentemente, co conseguinte desbaratamento enerxético polas perdas de enerxía ao exterior, cando para iso se requira consumo de enerxía convencional para a xeración de calor e frío por parte dos sistemas de calefacción e refrixeración.

IT 3.8.5 Inspección:

1. Nos edificios e locais que se indican no número 2 da IT 3.8.1, que deban subscribir un contrato de mantemento cunha empresa mantedora autorizada, de acordo co artigo 26 alíneas b) e c) do RITE, estarán obrigados a realizar unha verificación periódica do cumprimento do previsto nesta instrución, unha vez durante a temporada de verán e outra durante o inverno, que a empresa mantedora autorizada da instalación térmica documentará no Rexistro das operacións de mantemento da instalación.

2. A inspección necesaria para comprobar o cumprimento do previsto nesta instrución corresponde ao órgano competente da comunidade autónoma, de acordo co que establece o artigo 29 deste regulamento.

Para os efectos destas verificacións e inspeccións, considerarase que un recinto cumpre coa limitación de temperatura do número 1 da IT 3.8.2 cando a temperatura media do recinto non supere en ± 1 °C os límites de temperatura que se indican nese número. A medición realizarase cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Realizarase como mínimo unha medición da temperatura do aire cada 100 m² de superficie.
- b) A medición realizarase a unha altura de 1,7 m do chan.
- c) Tratarase de que o maior número de medidas coincida coa situación dos postos de traballo. No caso de recintos non permanentemente ocupados a medición realizarase no centro do recinto, se se realiza unha única medición.
- d) A exactitude do instrumento de medida será como mínimo de $\pm 0,5$ °C.»

Disposición transitoria única. *Prazos de adaptación.*

O prazo para realizar a adaptación que se indica no número 1 da IT 3.8.3 será de doce meses desde a entrada en vigor desta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que as regras 13.^a, 23.^a e 25.^a do artigo 149.1 da Constitución española lle atribúen ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, protección do ambiente e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ